

OS NOMES DE CASA DA AMIL (MORAÑA)

Fátima Rodríguez Ruibal

O nome de casa ou ecónimo é a denominación que unha comunidade usa para designar un grupo de persoas circunscritas a unha casa. De boca dos falantes e veciños da Amil, este fenómeno de moito uso na vida cotiá da parroquia é chamado *nome de casa* ou *apoio*. Cando, aínda sen recordar a súa motivación, o ecónimo é sentido de xeito negativo ou non é aceptado con gusto polas persoas ás que fai referencia denomínase *mal nome*.

O estudo¹ levado a cabo nesta ocasión céntrase só nunha das nove parroquias que compoñen o concello de Moraña: Amil, situada no sueste do termo municipal. Limita coas parroquias de Cosoirado e San Lourenzo de Moraña polo norte, co concello de Campo Lameiro polo sur e polo leste e, finalmente, coa parroquia morañesa de Rebón polo oeste.

Segundo o *Nomenclátor da provincia de Pontevedra* (Xunta de Galicia, 2000:59-60), os nomes das aldeas ou lugares da Amil son: O Apedrado, Barro, Cartamil, O Castriño, A Chan, O Outeiro, A Picota, Piñeiro, Pumardatán, A Rozavella, Ruibal, Torre de Abaixo, Torre de Arriba e Vilacova.

No momento de preparación deste traballo non foi posible dispoñer dos datos do último censo de habitantes, o de 2001, polo que o número de casas contabilizado a partir da recollida de campo houbo que cotexalo co *Padrón municipal de habitantes 1996*. Del obtemos que Amil contaba en 1996 con 156 casas entre as habitadas, as baleiras e as de tempada. Pola contra, os meus datos do estudo reflicten un número maior: 176. A razón de que se dea esta diferenza é que se recolleron nomes de casa que se usaron antigamente para referirse ao que hoxe son vivendas vellas, casas que pasaron a formar parte doutras propiedades ou mesmo casarellas que xa só son catro paredes comestas das silvas. A explicación –suficiente– para que se mostren aquí é que están presentes aínda na memoria colectiva. Vallan entón estes rexistros como mostra de existencia no pasado e avance do que pode pasar no futuro.

Durante varios meses levei a cabo un traballo de campo para comprobar en que medida era exhaustiva aquela primeira listaxe, se seguen vixentes ou se se perderon

 Fátima Rodríguez Ruibal

algúns nomes de casa, e os motivos que os orixinan. Confeccionouse logo un segundo corpus de 258 nomes de casa coa colaboración de varios informantes². Na elección destes tívose en conta tanto a súa idade (maiores de sesenta anos) coma o grao de achegamento á vida cotiá da Amil. Coidouse tamén que todos os datos estivesen contrastados. Así, a medida que se ía fixando o corpus, confirmábase que as denominación ou explicacións da orixe dalgún nome de casa que dese un informante coincidisen coas das demais fontes orais.

A cuestión do mantemento dos nomes de casas é un dos temas principais deste estudo. Non hai dúbida de que a riqueza de ecónimos nesta parroquia é inmensa, pois rexistráronse 258 denominacións (49 xa se consideran perdidas) para só 176 casas. Isto sucede porque hai moitas casas que teñen dous posibles «chamadeiros»: *a de Montáns* ou *a do Mamedio*, *a de Olgha* ou *a do Cregho*, *a de Milucha* ou *a da Maquieira*, etc. Outras veces xúntanse máis de dous nomes de casa para unha mesma familia, se temos en conta os que xa caeron en desuso: *os de Baixo*, *os de Alvarito* ou *os de Xacinto*; *a de Mirta*, *a de Ramón do Souto* ou *a da Ghamalla*, por exemplo. A vixencia e uso dos ecónimos entre o grupo de informantes cos que máis se traballou é total. Mais esa non é a realidade se temos en conta o conxunto da poboación da Amil.

Para poder tirar unha conclusión o máis achegada posible á realidade, requírn a colaboración dun segundo grupo de informantes, de menos idade ca o primeiro. Consultei xente de corenta anos, mozos de máis de vinte e tamén rapaces. Nestes casos as entrevistas consistiron en lerlles a listaxe e que me fosen dicindo se sabían ou non de quen se trataba. O coñecemento dos nomes de casa é menor canto menor é a idade do entrevistado. Os informantes de sobre corenta anos coñecen practicamente toda a parroquia, aínda que ignoran que moitas casas teñan dous «chamadeiros». Os de menos idade identifican unha alta porcentaxe de ecónimos, sobre todo os da súa aldea e os das próximas. E no caso das denominacións das casas máis afastadas das súas, dan mostras de total coñecemento cando se trata de nomes de casa de familiares ou de vivendas en que hai rapaces que van ou foron canda eles á escola.

Con todo, son moitos os factores que inflúen no coñecemento que cada veciño ten dos nomes de casa. Así, os rapaces que se crían cos avós é máis probable que recoñezan e usen máis ecónimos. O mesmo ocorre coa xente que laboral ou persoalmente está máis ligada á vida cotiá da Amil. Pero a causa principal no descenso de uso e coñecemento dos nomes de casa é a progresiva independencia duns veciños respecto dos outros, o que non motiva un ambiente propicio para que as novas xeracións poidan aprender un maior número de ecónimos e, en consecuencia, que estes gocen de total vitalidade.

Así e todo, a razón de que teñan plena vixencia a gran maioría dos nomes de casa recollidos reside na necesidade que ten deles a comunidade. Aínda estando restrinxidos a un uso case familiar e non oficial, funcionan a modo de «carnés» da casa e, xa que logo, levan implícita unha carga informativa. A súa finalidade é identificar os veciños circunscritos a unha mesma casa, para que a comunidade poida facer referencia a eles con máis facilidade e conseguir distinguilos, encadralos con rapidez nunha

familia e nun lugar. De aí a indispensable —e tan famosa— pregunta: «E logo ti, ¿de quen vés sendo?». O uso dos nomes de casa responde, entón, a unha función social.

A adxudicación do ecónimo supón a fixación da identidade desa casa e das persoas que nela viven, e determina tamén a pertenza da vivenda á comunidade. É por isto polo que se explica a perda dalgúns ecónimos cando a casa foi totalmente abandonada ou cando pasa a formar parte da propiedade doutros veciños. É o caso *da de Farruco, da casa da Rata, da de Calviño, da das Verghellas*, etc. Estes nomes de casa caen en desuso porque xa non son necesarios, porque non existe nin casa nin veciños que estendan o ecónimo no tempo ao herdalo.

Con todo, rexístranse feitos contrarios a estes, que nos permiten afirmar que o corpus de nomes de casa constitúe un grupo aberto, que non é unha serie pechada nin no tempo nin no espazo, pois aínda que se dean baixas son máis os exemplos que temos de novos ecónimos. A construción de casas novas nos últimos quince anos en toda a parroquia, sobre todo no lugar da Chan, está a supoñer a posta en circulación de ecónimos modernos. Trátase de denominacións que non están totalmente asentadas (*a de Pili da Nicolasa, a de Berto do Rueiro, a de Margharita do Quinteiro, a de Mercedes da Proxeira*, etc.) ou que toman o nome que achega cada un dos cónxuxes (*a de Darío do Lagho* ou *a de Loli do Maestro, a de Marisa da Castellana* ou *a do Trinta, a de Socorro* ou *a do Ferreiro*). Todos eles son exemplos de como se está a dar a creación de nomes de casa, que, quizais por ser novos, necesitan aínda ese apoio no ecónimo herdado. Confírmase, entón, que este tipo de denominación antropológica goza de plenitude no vivir cotián da comunidade da Amil.

Outro aspecto que mostra a vitalidade que teñen os ecónimos nesta parroquia é que seguen a utilizarse tamén para denominar persoas concretas dentro dun grupo de idade. Así, pódense citar moitos exemplos en que un membro dunha casa leva o ecónimo como alcume e é coñecido por el entre o grupo de amigos. É isto que segue a ocorrer coa mocidade: *o Rueiro* é calquera dos mozos que descende *da casa do Rueiro, o Camboeiro* é *da casa da Camboa*, e así moitos máis: *a Barreira, o Proxeiro, a Presenta, o Fumegha, o Socorriño, o Castellano, o Cacharoleiro, o Casanova...*

Todas as situacións que ata aquí se viñeron comentando, para tratar de mostrar o emprego real que a xente da Amil fai dos nomes de casa que ela mesma crea, teñen en común que son usos orais en contextos non formais. Ningún dos informantes recorda ter visto nunha nota necrolóxica dun veciño da Amil a inclusión do alcume ou do nome da casa á que pertencía. En cambio, si se constata o feito de que un párroco da Amil (don José Lado Formoso, reitor dende os anos vinte aos sesenta do século XX), no caso de que esquecese o nome dun defunto ou dun fregués á hora de botar os responsos ou de anunciar as misas, utilizaba os nomes de casa dende o altar, circunstancia que os informantes xustifican polo carácter xovial do párroco.

A partir destes sucesos foi cando considerei a posibilidade de acudir aos rexistros de nacementos, matrimonios e defuncións máis antigos posible. Refírome ao Arquivo Parroquial da Amil. A finalidade da consulta radicaba en ver se existen exemplos de usos de nomes de casa en documentos escritos. Dada a extensión do arquivo e a limitación de tempo, non puideron facer unha observación en profundi-

Fátima Rodríguez Ruibal

dade. Con todo, recadáronse datos que, desde o meu punto de vista, gardan relación cos ecónimos.

O libro manuscrito máis antigo que se revisou data de 1669. Os demais suceden a este no tempo ata chegar ao século XIX. En total, examináronse cinco volumes. Deles tiráronse os seguintes datos:

- No traballo de campo recollo a casa *de Caneda*. Agora a xente ten idea de que é alcume, pero xa en 1730, no libro máis antigo de bautizados dos que consultei, aparece moitas veces como apelido.
- Un apelido que se le moito é *da fonte*. Como nomes de casa, hoxe perdidos pero que os maiores aínda recordan como casa ata non hai moito, recollo dúas *casa da Fonte*: unha no lugar do Apedrado, o lugar máis ao sur da Amil, e outra na aldea de Cartamil, situada na zona norte da parroquia. Pois é sempre a estas aldeas ás que pertencen as persoas apelidadas *da Fonte*.
- Outro tanto ocorre con nomes de casa que me din que veñen moi de vello: *os do Souto* e *os da Maquieira*. Pódese ler no arquivo, no *Libro I de bautizados*, os apelidos *do Souto*, *de Souto* (máis adiante *de Soto*). Igualmente, no ano 1741 e 1844 aparece como apelido *de Maquieyra*.
- Hoxe non é habitual o apelido *Trigo* na Amil. Pola contra, consérvase a *casa da Trigha* en Cartamil, que os informantes cualifican de ecónimo antigo. Nos arquivos aparece o apelido *Trigo* localizado no lugar de Cartamil.
- Na Rozavella recollemos a *da Esteva*. Xa ninguén acorda a existencia dunha muller chamada así, pero neste mesmo lugar nace en 1857 un neno fillo de Esteva López.

Unicamente facendo a árbore xenealóxica de cada familia podería afirmar que estes datos están relacionados co nome de casa, pero, con todo, é moi probable. Estas referencias lévanme a suxerir que os nomes de casa foron antigamente unha importante fonte de xeración de apelidos. Co paso do tempo, coa importancia social e legal que adquiriron os apelidos, a liña de creación cambiou a dirección e hoxe son estes os que crean ecónimos (*a de Taboada*, *a de Pacheco*, *a de Santomé*, *a do Trinta*).

Para rematar cos comentarios sobre os usos escritos dos nomes de casa, debo apuntar a existencia moi recente nun ecónimo na inscrición superior (a que fai referencia á propiedade) dun panteón no cemiterio parroquial. Nela lese «Familia Fumega». Nestes casos, o normal é que aparezan os apelidos, pero a familia *dos de Fumega*, apelidada López, quixo deixar explícito o nome da casa para marcar a diferenza con outras familias co mesmo apelido. Esta finalidade de identificación única e particular tamén é a que está motivando que nos últimos anos se fixen letreiros nas entradas das vivendas cos ecónimos.

Os nomes de casa da Amil (Moraña)


Unha vez feita a recollida, é interesante tamén facer unha análise temática para ver cales son as fontes máis comúns que dan orixe a este tipo de «chamadeiro». Todos os ecónimos son agrupados segundo a explicación que deron os informantes, aínda sabendo os erros aos que a etimoloxía popular pode levar a onomástica. Diferencieis os seguintes temas:

1. Nomes de casa procedentes de nomes propios de muller (33%): *a de Florinda, a de Clara, a de Elsa do Cachete*. Este resultado déixanos deducir un forte matriarcado na sociedade da Amil, pero ¿é por decisión ou por necesidade? A emigración, a Guerra Civil... Cóntanse na Amil moitos casos de casamentos por poderes en situacións en que o marido se encontraba na América. Moitos homes non volveron nin da emigración nin da guerra, o que orixinou que de sempre houbera na Amil un alto índice de viúvas. Estas circunstancias propiciaron que durante anos fose sempre a muller a que quedase á fronte da casa, e hoxe en día segue sendo moi normal que a que case para a casa sexa a muller. De aí a porcentaxe tan elevada.
2. Nomes de casa que teñen a súa orixe en nomes propios de home (13%). Ao contrario do que ocorre noutro traballo sobre ecónimos doutra parte de Galicia³, os ecónimos que teñen a súa orixe en antropónimos masculinos son moi poucos en relación co grupo anterior: *a de Lino, a de Honorio*.
3. Nomes de casa que teñen a súa orixe en apelidos (10%). Como xa se apuntou máis arriba, a liña de motivación de apelidos a ecónimos é historicamente máis recente ca á inversa. Algúns exemplos son estes: *a de Varela, os de Montáns*.
4. Nomes de casa procedentes de topónimos ou localizadores espaciais (20%). É este outro campo moi utilizado para nomear as casas. Algúns lugares xa perderon a condición de topónimos e son agora nomes de casa, pero nos libros de bautizados do arquivo parroquial, na maioría dos casos, os curas apuntaban na marxe dereita o nome do rapaz e tamén o lugar en que nacera e é aí onde puíden ler Camboa e O Lago de Vilacova igualados en nivel ao que hoxe é toponimia maior. Outros teñen a súa orixe en microtopónimos: *os do Peno, a da Penadarca ou os da Barreira*.
5. Nomes de casa procedentes de profesións ou oficios (10%). Este campo semántico era antigamente moito máis usado ca en tempos recentes: *os do Tendeiro, os do Estanco, a da Criada...*
6. Nomes de casa que teñen a súa orixe en alcumes (8%). Agrúpanse aquí os nomes que claramente foron cualificados polos informantes como alcume dunha persoa, que na maioría dos casos non era levado con prestixio polo alcumado e que os veciños etiquetan como mal nome: *os da Castellana, os do Catré*.

Fátima Rodríguez Ruibal

7. Nomes de casa de difícil clasificación (6%). Forman este grupo un conxunto de ecónimos dos que a comunidade da Amil xa non recorda a posible razón que leva á formación do ecónimo. Caracterízanse tamén por ser un grupo de nomes de casa moi antigos: *a da Firtosa* ou *a casa do Poio*, por exemplo.

Segundo esta clasificación, os 258 ecónimos que conforman o corpus dan as seguintes porcentaxes de uso:



Logo desta pequena achega ao estudo da onomástica galega, podo concluír que este tipo de denominación antroponímica, o nome de casa, que non entende de clases sociais, segue vixente na Amil. Por ser un corpus aberto, tense que modificar necesariamente, acollendo ecónimos novos e retirando os que caen en desuso. Esta posible xeración, renovación, conservación ou perda depende das relacións que no presente e no futuro manteñan os membros da comunidade na Amil.

Valla esta comunicación como mostra da importancia lingüística e tamén antropolóxica dos nomes de casa en Galicia.

Criterios de presentación do corpus de nomes de casa da Amil

Rexístranse todas as formas recollidas, respectando a fala da zona.

Representátese co dígrafo <gh> a gheada e con <s> o seseo implosivo.

A listaxe está ordenada alfabeticamente. Cando unha casa presenta dous ou máis nomes, ofrécense todos. Para estes casos, a entrada é o ecónimo máis vivo e usual. A seguir, entre parénteses e precedidos do signo <=>, móstranse os demais. En caso de que un ecónimo xa non teña vixencia, aparece subliñado. Logo explícase –cando foi posible– a motivación de cada nome de casa. Ao final da entrada aparece entre parénteses a aldea á que pertence a casa.

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

Ecónimos da Amil (Moraña)

- Aghustina, a de* (= *Os de Ouseiro*; = *A casa do Medio*). Nome da actual propietaria. O topónimo tamén crea ecónimo. Antigamente era coñecida pola localización da casa respecto das demais. (O Outeiro)
- Aghustina, a de*. Nome da actual propietaria. (A Chan)
- Amancio, a de*. Nome do actual propietario. (Cartamil)
- Andresa, a de* (= *A casa das Socorriñas*). Nomes de antigas propietarias, o segundo derivado. (O Ruibal)
- Andresa, os de* (= *A do Cachete*). Recibe os dous nomes por descender un cónxuxe da *casa de Andresa* do Ruibal e o outro da *casa do Cachete*, de Pumardatán. (A Picota)
- Antonia do Lagho, a de*. Nome da actual propietaria acompañado de microtopónimo. (Torre de Arriba)
- Araceli, a de*. Nome da actual propietaria. (A Chan)
- Argentina, a de* (= *A Rosa de Vasques*). Nome da actual propietaria. Coñecíase tamén polo da antiga dona acompañado do apelido. (O Castrifío)
- Aurita, a de* (= *Os da Veighiña*). Pseudónimo da actual propietaria, Áurea. O menos usual é microtopónimo. (O Ruibal)
- Baixo de Ouseiro, os da casa de*. Ecónimo motivado pola localización da casa respecto dun grupo de tres, case sempre acompañado do nome da aldea. (O Outeiro)
- Baixo, os de* (= *Os de Alvarito, Os de Xacinto*). Ecónimo motivado pola situación da casa respecto das demais. Os outros «chamadeiros» motivávanos nomes de antigos propietarios. (O Ruibal)
- Barreira, os da*. Ecónimo moi antigo, motivado polas características do terreo próximo á casa, lugar de onde sacaban barro os canteiros. (Vilacova)
- Barriños, os de*. Ecónimo formado sobre o apelido Barros. (Vilacova)
- Berto do Ruciro, a de*. Nome do actual propietario acompañado do ecónimo de onde descende. (A Chan)
- Blanca, a de*. Nome da actual propietaria. (A Chan)
- Cachada, a da* (= *A da Rosariña*). Microtopónimo. Os da primitiva *casa da Rosariña* mercaron esta propiedade, cando *os da Cachada* foron para a *casa do Pinal*. (Torre de Arriba)
- Cacharoleira, os da* (= *A da Colastra*). Nome creado ao casar para fóra unha muller descendente da *casa das Cacharolas*. O ecónimo perdido é de difícil clasificación e non se recorda a posible relación coa outra *casa da Colastra* de Pificeiro. (Apedrado).
- Cacharolas, a das*. O nome vén dado polas características do terreo, cativo e con moita pedra. (A Picota)
- Cachete, os do*. Ecónimo herdado da *casa do Cachete* da Picota. (Pumardatán)
- Cafeteras, os das* (= *Os do Peno*). Oficio da familia, que preparaban café para logo ilo vender ás festas e feiras da zona. O segundo ecónimo é microtopónimo. (A Picota)
- Calceteira, a casa da ou A da Tecedeira*. Oficio dunha antiga propietaria. (O Outeiro)
- Calré, a do* (= *As de Búa*). Sentido como alcume e mal nome polos veciños, non se coñece a motivación; os informantes recordan a existencia do *Calré vello*. *Búa* é apelido. (O Castrifío)
- Cambaa, os da*. Microtopónimo que antigamente debía comprender os arredores da casa. (Vilacova)

 Fátima Rodríguez Ruibal

- Camboeira, a casa da.* Ecónimo herdado por unha descendente da *casa da Camboa*. (Vilacova)
- Caneda, os do* (= *A de Luisa da Esteva*). Apelido antigo, aínda que os informantes cren que era alcume. No outro caso, nome propio acompañado de ecónimo herdado. (A Rozavella)
- Cantufo, a do* (= *A casa dos Raxados*). Ambos os dous ecónimos, perdidos, son de orixe descoñecida. Os veciños recordan que era mal nome. (Torre de Arriba)
- Carballal, os do.* Microtopónimo. (O Apedrado)
- Carretera, os da.* Conxunto das dúas últimas casas, construídas por dúas irmás á beira da estrada. (A Chan)
- Casa Vella, os da* (= *A de Josecho*; = *A de Baltasar*). Polas características da casa antes de que os propietarios a reformasen. Tamén, nome do actual propietario. Perdeuse a denominación polo nome dun antigo dono. (Barro)
- Casanova, a da.* Ecónimo moi antigo, que se foi creado ao construír casa nova, xa ningún informante recorda esta feito. (O Outeiro)
- Casanova, a do.* Ecónimo herdado por un descendente da casa do mesmo nome en Outeiro. (A Chan)
- Casildo, a do.* Casilda era o nome da nai dun home que casou nesta casa. (A Picota)
- Castellana, os da.* Ecónimo referido a dúas propiedades da mesma familia. Un antepasado foi a Castela a traballar e, ao vir, aínda que botara pouco tempo, xa dicía que só sabía falar o «castellano». De alcume pasou a nome de casa. (Vilacova)
- Celita, a de* (= *A de Celia da Proxeira*; = *A das Ferriñas*). Nome da antiga e tamén da actual propietaria; especificase a procedencia da *casa da Proxeira* no caso máis antigo. Antes aínda, o apelido Ferro puido motivar o ecónimo perdido. (O Ruibal)
- Chan, os da.* Microtopónimo. Contan os informantes que antigamente esta familia vivía na Chan pero que, por ser lugar deshabitado, propicio daquela para os roubos por estar próximo á capela dos Milagres, levaron a casa para Vilacoba. (Vilacova)
- Clara, a de.* Nome da actual propietaria. (A Picota)
- Claudina, a da.* Nome dunha antiga propietaria. (O Castrifio)
- Closilde, a de.* Nome da actual propietaria. (A Chan)
- Colastra, os da.* Nome de casa de difícil clasificación. Os informantes relaciónano co antropónimo Escolástica. (Piñeiro)
- Concha da Torre, a de* (= *A das Campinchas*; = *A das Xabeiras*). Nome da actual propietaria acompañado de topónimo. Os ecónimos perdidos son de orixe descoñecida. (Torre de Arriba)
- Corredoira, os da.* Microtopónimo, por haber alí un camiño fondo e apertado. (Torre de Abaixo)
- Corredoiro, a do.* Un descendente da *casa da Corredoira* herda o ecónimo ao casar para fóra, con cambio da vogal final para especificar o xénero. (Barro)
- Cortes, os de.* Microtopónimo. (Vilacova)
- Costa, os de.* As características do terreo, en pendente, motivan o nome da casa. (Piñeiro)
- Costado, a do* (= *A de Maruja de Varela*). Microtopónimo. Tamén se utiliza o nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde procede. (Torre de Abaixo)
- Costado, os do* (= *A da Recha*). Microtopónimo. *A Recha* era o alcume dunha antiga propietaria. Descoñécese a súa orixe. Os veciños senten que é mal nome. (Torre de Abaixo)

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

Criada, a da. Oficio. (A Picota)

Cubelo, os do. Microtopónimo, o que explica que, aínda cambiando de propietarios a casa, se conserva-se o nome. (Piñeiro)

Cura, a casa do (= *A Rectoral da Amil*). Oficio. O segundo nome especifica o tipo de casa que é. (Pumardatán)

Darlo do Lagho, a de (= *A de Mariloli do Maestro*). Nomes dos actuais propietarios, acompañados dos ecónimos respectivos de onde descenden. (Pumardatán)

David de Barro, a de (= *Os da Leiriña*). Nome do actual propietario acompañado da especificación toponímica. O ecónimo de menos uso vén dado polo nome da veiga en que se obrou a casa. (Barro)

Dolores, a de. Nome da antiga propietaria. (A Picota)

Dorita, a de (= *A casa das Cigarras*; = *A casa das Zanghelas*). Fóra do nome da actual propietaria, os outros proceden de alcumes. Nunha casa de maioría feminina, todos os informantes poñen en dúbida que fosen moi traballadoras. *A zanghela* foi, en principio, alcume dunha das mulleres da casa, atribuído por ser de estatura baixa. (O Apedrado)

Elisa, a de (= *A do Costado*). Nome da actual propietaria. *Costado* é ecónimo herdado polo cónxuxe, descendente da *casa do Costado* da Torre de Baixo. (A Chan)

Elsa do Cachete, a de. Nome da actual propietaria acompañado do antigo ecónimo da casa, creado este a partir dun alcume (*A Cacheta*) do que se descoñece a motivación e que vai ser herdado polos descendentes da casa. (Pumardatán)

Eslavitu, a de (= *a da Mariñeira*, = *a da Cacharoleira*). Nome da actual propietaria. O nome referente a un oficio vén de vello e xa non hai consciencia de que un antepasado fose mariñeiro. Vid. *A da Cacharoleira*. (O Apedrado)

Esperanza, a de (= *A de Pilara*; = *A casa das Canexas*). Nome da actual propietaria e antiga propietaria, respectivamente. O ecónimo perdido fora herdado ao casar para fora Pilara, descendente da *casa do Canexo* de San Lourenzo de Moraña. (Torre de Arriba)

Estanco, a casa do (= *A de Aghustina*). Antigamente a familia rexentaba un estanco. Tamén se usou o nome da antiga propietaria. (Piñeiro)

Esteva, os da. Posiblemente nome dunha antiga propietaria, aínda que xa non se recorda a súa existencia. (A Rozavella)

Eusebio, a de. Nome do actual propietario. (Pumardatán)

Farruco, a de. Nome dun antigo propietario. (Piñeiro)

Federico, a de. Nome do antigo propietario. (A Chan)

Felentina, os de. A orixe é o antropónimo Florentina, nome dunha antiga propietaria. (A Picota)

Fina do Quinteiro, a de (= *Os d'Anxeles*; = *A casa do Arrieiro*). Nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde descende. Tamén se coñecía cun antropónimo feminino, aínda que non se recorda a existencia da persoa. Antigamente, un home desta casa era arrieiro de oficio: ía ao viño ao Ribeiro para vendelo na zona. (Vilacova)

Firtosa ou *Fritosa, os da.* Nome de difícil clasificación. Dos informantes recollo que houbo un primeiro *Fritoso* e que igual existiu algún Frutuoso na familia. (A Picota)

Florinda, a de. Nome da antiga propietaria. (O Apedrado)

 Fátima Rodríguez Ruibal

Fonte, a casa da. Localizador espacial que motiva o nome da casa que máis preto estaba da fonte do Souto. (O Apedrado)

Fonte, a casa da. Localizador espacial que motiva o nome da casa que máis preto estaba da fonte de Cartamil, que aínda que está moi próxima a esta aldea, pertence xa á parroquia de Cosoírado. (Cartamil)

Fragheira, os da (= *A do Mariñeiro*). Alcume motivado pola descendencia dun familiar das Fragas, no concello de Campo Lameiro. (Vilacova)

Fresina de Peres, a de. Nome da actual propietaria, acompañado do apelido e tamén ecónimo de onde descende. (A Chan).

Fumegha, a de. Descoñécese a orixe. (A Chan)

Generosa, a de (= *A de Benedita*; = *A da Maqueira*; = *A das Xoanciras*). Nomes das antigas propietarias. O primeiro nome perdido vén dado porque unha muller desta casa estivo de criada na *casa da Maqueira* de Piñeiro. O nome de casa máis antigo puido estar motivado porque a casa estivese localizada nun lugar rico en maceitas que maduran polo San Xoán. (O Ruibal)

Gharcla, a de. Apelido. (O Castrifio)

Honorio, a de. Nome do actual propietario. (Pumardatán)

Ignacio, a de. Nome do actual propietario. (O Apedrado)

Ints, a de (= *A casa de Celestina*) Nomes de antigas propietarias. (A Rozavella)

Irene do Lagho, a de. Nome da actual propietaria acompañado de microtopónimo. O Lago, igual ca en Vilacova, é lugar moi húmido onde nace moita auga. (Torre de Arriba)

Isabel dos Outeiros, a de. Nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde descende. (Barro)

Jesusa, os da (= *A da Rapeira de Ribá*). Nome dunha antiga propietaria. Perdeuse o ecónimo creado a partir dun microtopónimo, con especificidade da localización espacial respecto da outra *casa da Rapeira*. (Vilacova).

Josefa, a de. Nome da actual propietaria. (A Chan)

Josefina de Peres, a de. Nome da actual propietaria acompañado do apelido e tamén ecónimo orixinario da casa. (Piñeiro)

Juana, a de. Nome da antiga propietaria. (O Apedrado)

Juventino, a de. Nome do antigo propietario. (A Chan)

Lagho, os do. Microtopónimo motivado por ser sitio moi húmido onde nace auga. (Vilacova)

Leonor, a de (= *A de Pepelita*). Nomes de antigas propietarias. (O Ruibal)

Libia, a de. Nome da actual propietaria. (O Outeiro)

Liborio, a de. Alcume. (A Rozavella)

Lino, a de. Nome do actual propietario. (A Picota)

Lucrecia, a de (= *Os do Cura*). Nome da actual. Tamén se usa o ecónimo motivado polo oficio dun familiar que foi cura na Amil. (A Chan)

Luls, os de. Debeu ser o nome dalgún antigo propietario, pero xa non se recorda a súa existencia. (A Picota)

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

- Maestro de Purmaratán, a do* (= *A de Taboada*; = *A dos Monteiros*). Oficio acompañado de topónimo, para diferencialo da casa do *Mestre de Outeiro*. Taboada é apelido do actual propietario. Antigamente, o oficio duns familiares (traballaban no monte a pedra, de canteiros) motiva o ecónimo perdido. (Pumardatán)
- Manolisa, a de* (= *A de Elisardo da Casilda*; = *A do Ferruxe*). Nome da actual propietaria. Antes era máis usado o ecónimo composto polo nome do propietario acompañado do nome de súa nai ou tamén polo alcume daquel –o Ferruxe–, motivado pola aparencia de desamañado. Os informantes igualan o significado de *ferruxe* co de *feluxe*. (Cartamil)
- Manolo do Lagho, a de*. Nome do propietario acompañado do ecónimo de onde descende, da *casa do Lagho* da Torre de Arriba. (Vilacova)
- Manuel, o Mariñeiro, a de* (= *A de Consuelo*). Nome do actual propietario acompañado do ecónimo de onde descende. Ao comprar o *Mariñeiro* esta casa, perdeuse o ecónimo motivado polo nome da antiga propietaria. (Vilacova)
- Marcial, a de*. Nome do actual propietario. (A Chan)
- Margarita do Quinteiro, a de* (= *A de Coviñas*). Nome da actual propietaria, acompañado do ecónimo de onde descende. A outra denominación é microtopónimo. (Vilacova)
- María de Ignacio, a de* (= *A de Pedro da Torre*). Nomes de antigos propietarios, apoiados noutro nome e nun microtopónimo. (Torre de Arriba)
- María José da Piñeira, a de* (= *A de Piñeiro*). Nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde de descende. Piñeiro é o apelido do cónxuxe. (A Chan)
- Mariana, os da*. Nome dunha antiga propietaria. (Vilacova)
- Mariloli do Castriño, a de*. Nome da actual propietaria acompañado do nome da aldea da que procede. (Torre de Abaixo)
- Mariñeira, a da* (= *a de Esclavitú*, = *a da Cacharoleira*). Nome moi antigo que pode referirse a un oficio, aínda que xa non hai consciencia de que un antepasado fose mariñeiro. Vid. *A da Cacharoleira*. (O Apedrado)
- Mariñeira, os da*. O oficio debeu motivar este e outros ecónimos iguais na parroquia. A actual propietaria comentou que un antepasado seu serviu á Mariña e que por iso lle dicían *o Mariñeiro*. Ao quedar só mulleres pasou a ser de xénero feminino. Outros informan que o nome xa viña da *casa do Mariñeiro* de Vilacoba. (O Ruibal)
- Marisa da Barreira, a de*. Nome da antiga propietaria acompañado do ecónimo de onde descende. (Vilacova)
- Marisa da Castellana, a de* (= *A do Trinta*). Nome da actual propietaria acompañado do nome da casa da que descende. *Trinta* foi creado a partir do apelido Treinta do cónxuxe. (A Chan)
- Martela, a casa da*. Nome de casa do que ninguén recorda a motivación. (O Ruibal)
- Martela, a da*. Nome que os maiores xa o acordan de sempre e que resulta de difícil clasificación. Descoñécese a posible relación coa outra *casa da Martela* do Ruibal. (O Apedrado)
- Marth, a de*. Debeu ser nome dalgún antigo propietario pero xa non se recorda a súa existencia. (Torre de Arriba)
- Maruja da Ghillarna, a de* (= *A da Torre*, = *A da Rosariña*). Nome da antiga propietaria, acompañado dun alcume do que se descoñece a orixe. Denomínase tamén cun microtopónimo, e antigamente o antropónimo Rosario foi a base do ecónimo perdido aquí, cando os *da Rosariña* compraron a *casa da Cachada*. (Torre de Arriba)

 Fátima Rodríguez Ruibal

Mercedes da Proxeira, a de. Nome da actual propietaria, acompañado do ecónimo de onde descende. (Piñeiro)

Mestre de Outeiro, os do. Profesión dun antigo familiar, acompañado case sempre do topónimo para marcar diferenzas con outros ecónimos da parroquia. (O Outeiro)

Milaghros, a de (= A de Casais). Nome da actual propietaria. Casais é apelido único na Amil que procede de Carnota. (A Chan)

Milucha, a de (= A da Maqueira). Nome da actual propietaria. Crea ecónimo tamén o oficio de moer e facer a maqúa nun antigo mulño propiedade da familia. (A Rozavella)

Mirta, a de (= A de Ramón do Souto; = A da Ghamalla). Nome da actual propietaria. Anteriormente dicíase polo nome dun descendente da *casa do Souto* do Apedrado. Antes aínda, por un apelido, presente noutros ecónimos da Amil. (A Picota)

Montáns, os de (= Os do Mamedio). Apelido. Coñécese tamén co nome dun antigo propietario. (Barro)

Nicolasa, os da. O antropónimo Nicolás é a orixe deste ecónimo que vén moi de antigo. Acostuma a usarse en feminino. (O Apedrado)

Nieves, a de. Nome da antiga propietaria. (Torre de Arriba)

Olgha, a de (= A do Cregho). Nome da actual propietaria. Tamén crea un ecónimo o oficio dun antigo de familiar. (Piñeiro)

Outeiros, a dos. Microtopónimo. (Barro)

Pacheco, os de. Apelido, único na Amil por levalo un rei da Inclusa. (O Castríño)

Pacita, a de. Nome da actual propietaria. (A Rozavella)

Pelenghrina, a de. Nome de muller aínda que xa non se recorda tal persoa. (O Apedrado)

Penadarca, a da. Microtopónimo. (Barro)

Peno, os do (= A casa das Nenas) Microtopónimo referido ao lugar máis alto da aldea da Picota, que abrangue o espazo de varias casas. O feito de quedaren só rapazas novas na casa motivou o antigo ecónimo. (A Picota)

Pepe de Peres, a de. Nome do actual propietario, acompañado do ecónimo de onde descende. (O Apedrado)

Peres, os de. Apelido. Vai dar lugar a máis ecónimos. (O Apedrado)

Perito do Castríño, os do. Os informantes recordan a existencia dun perito antigamente nesta familia. (O Castríño)

Perito, a do. Ecónimo herdado da *casa do Perito do Castríño*. (O Ruibal)

Pexina, os da (= A das Cuncas). A *Pexina* era o alcume dunha antiga propietaria, sentido como mal nome. Un informante contou que esta muller dicía do seu home que «tíña moito pexín», referido ao órgano sexual. Antigamente era máis coñecida polo oficio das mulleres da casas, que se dedicaban a vender cuncas de barro polas feiras da zona. (Cartamil)

Pili da Nicolasa, a de. Nome da actual propietaria, acompañado do ecónimo de onde descende. (A Chan)

Pinal, a do. Microtopónimo. (Torre de Arriba)

Piñeira, os da. Posible apelido antigo ou formado sobre Piñeiro. (O Ruibal)

Piñita, a casa de. Alcume do antigo propietario, que pode derivarse do seu apelido: Pena. (Pumardatán)

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

- Poio, a casa do.* Descoñécese a orixe. (Vilacova)
- Ponte Seca, a da* (= *A de Polonia*). Os informantes comentaron que esta casa tiña unha ponte por riba do camiño para pasar ao lado de baixo. Tamén se coñece co nome da actual propietaria. (Barro)
- Ponte, os da.* Microtopónimo que dá nome á casa que máis preto se atopa da ponte da Picota. (A Picota)
- Portugali, os do* (= *A de Alberte*). Alcume motivado polo lugar de procedencia dun familiar. Anteriormente coñecía-se co nome do antigo propietario. (Piñeiro)
- Presenta, os de.* Presentación era o nome dunha antiga propietaria. (Torre de Abaixo)
- Proxa, a da.* Microtopónimo. (Cartamil)
- Proxeira, os da.* Posible relación co nome dunha leira –A Proxa de Felipe–, propiedade desta familia. Recóllese tamén os microtopónimos A Proxa en Cartamil e Volta da Proxa no monte da Amil. (Vilacova)
- Puntillón, os do.* Microtopónimo. É tamén o nome do regato –río do Puntillón– que pasa pola parte de baixo da casa. (O Apedrado)
- Purita do Rucero, a de* (= *A casa da Amil*) Nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde descende. Amil esta motivado agora por un microtopónimo. (Pumardatán)
- Quinteiro, os do.* Microtopónimo. Localízase no medio do lugar e é onde se xuntaba a xente a falar. (Vilacova)
- Ramona, os da* (= *A da Novosa*). Nome dunha antiga propietaria. O outro ecónimo é alcume que pode estar derivado do antigo apelido Novás. (Vilacova)
- Ramona, os da.* (= *A casa de Calviño*; = *A casa de Baixo*). A familia dos *da Ramona* compraron a propiedade dos *de Calviño*. Con eles levaron e asentaron o seu antigo ecónimo. Calviño foi o apelido dunha das familias máis nobres da Amil. Tamén creou ecónimo a situación da casa respecto ás outras antigamente. (Vilacova)
- Rapeira de Baixo, a casa da.* Microtopónimo, acompañado de especificidade espacial para diferenciar esta casa da outra *da Rapeira*. (Vilacova)
- Rata, a casa da.* Ecónimo motivado polas características da casa, de pequenas dimensións. (A Rozavella)
- Remedios, os de* (= *A casa do Penderello*). Nome da actual propietaria. *Penderello*, antes, era alcume do que se descoñece a motivación e que aínda é sentido como mal nome. (Vilacova)
- Remiseira, os da.* Apelido adaptado ao xénero feminino. (A Picota)
- Rexedora, os da.* Oficio. Antigamente, antes da existencia do concello de Moraña, recordan os veciños que había un rexistro nesta casa. (Vilacova)
- Rito, a do* (= *A de Adolfo*). Descoñécese a motivación do ecónimo máis usado. O outro é o nome do actual propietario. (Cartamil)
- Rosario de Presenta, a de.* Nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde descende. (Torre de Abaixo)
- Rosiña, a da* (= *A casa da Chachela*). Nome dunha antiga propietaria. O ecónimo perdido é de difícil clasificación. (Barro)
- Rosa, os da.* Alcume motivado pola cor do cabelo e a abundancia de pencas dunha muller da casa. (Torre de Abaixo)
- Roxo, a do* (= *A casa de Gharcla*). Alcume, motivado pola cor de pelo do antigo propietario. Antes, apelido. (Barro)

Fátima Rodríguez Ruibal

Rueiro, os do (= *A da Coruñesa*). Microtopónimo. Preto desta casa tamén se atopa o pozo e maila fonte do Rueiro. Os maiores din que era aquí onde se facía a rúa. Antes disto, o alcume pola procedencia da fundadora da casa motiva o ecónimo. (A Picota)

Sagrario, a de (= *A casa de Caspouvello*). Nome da actual propietaria. Antigamente, identificábase a casa cun microtopónimo. (Vilacova)

Saludina, a de. Nome da actual propietaria. (O Outeiro)

Santomé, a de. Apelido, único na Amil por levalo un rei da Inclusa. (Piñeiro)

Saturno de Rogelia, a de (= *A casa de Manuel Gholghoria*). Nome do actual propietario acompañado do nome de súa nai. O ecónimo perdido é o nome dun familiar unido a un termo de orixe descoñecida. Algúns informantes relacionárono co antropónimo Gregorio. (Torre de Arriba)

Seixo, os do. Microtopónimo. O Seixo era o nome das veigas onde se fixo a casa, terreo libre onde abundaban os croios brancos. (Vilacova)

Señor Bernaldo, a casa de. Nome dun antigo propietario. (O Outeiro)

Silva, a casa da. É moi probable que se trate dun apelido antigo. (A Picota)

Sita, a da. Os informantes senten o ecónimo como mal nome, pois foi motivado por un defecto de dicción dun home da casa, por dicir «sito» no canto de «sitio». Foi acumado *O Sito* e logo deulle nome á casa. (O Castriño)

Socorro, a de (= *A do Ferreiro*). Nome da actual propietaria. O oficio de ferreiro motiva o outro ecónimo, orixinario da parroquia de Cosoirado. Un descendente herda o nome e lévao consigo ao fundar casa nova. (A Chan)

Souto, os do. Microtopónimo. Atópase a casa onde se chama A Chanciña do Souto ou A Chan do Souto. (O Apedrado)

Tendeiro, a do. Oficio dun antigo propietario que procedía de Castela. Viña pola zona con tenda, vendendo panos e teas, e casou na Amil. (O Outeiro)

Tino do Cachete, a de. Nome do actual propietario acompañado do ecónimo de onde descende. (A Chan)

Toñita, a de (= *A casa da Ghamalla*). Nome da antiga propietaria, acumada *A Ghamalla* polo seu apelido Gamallo. (O Ruibal)

Trigha, os da (= *A de Esperanza da Proxa*). Orixe descoñecida, posiblemente relacionado co antigo apelido Trigo. Tamén se denomina polo nome da actual propietaria acompañado do ecónimo de onde procede. (Cartamil)

Valente, a de (= *A de Rosario da Mestra*). O primeiro ecónimo é herdado da parroquia morañesa de Saídns e descoñécese a motivación na Amil. O segundo é nome da actual propietaria acompañado dun oficio, aínda que xa a familia non recorda ningunha mestra. (Vilacova)

Valentina, a da. Nome dunha antiga propietaria. (Barro)

Varela, a de. (= *A da Visanta*). Apelido da familia. O ecónimo de menos uso é percibido como mal nome por ser o alcume dunha parente un pouco á boa fe. (Torre de Abaixo)

Ventura, a de. Nome dun antigo propietario. (A Chan)

Verghellas, a casa das (= *A casa da Carballeira*). O primeiro ecónimo perdido, aínda que se pode supoñer un formación sobre verga, é de orixe descoñecida. Por ser a casa máis próxima a unha carballeira, tamén se lle chamaba desoutra maneira. (Cartamil)

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

Xacobiña, os da. Nome de difícil clasificación. O antropónimo Xacobo ou Xacobe ou un terreo produtivo en pera desa calidade poden ser a orixe. (Piñeiro)

Xastre, a do. Profesión dun familiar. (Cartamil)

Zapateiro, a casa do (= A casa do Quinto de Barro). Oficios, o segundo con especificación toponímica. (Barro)

Fátima Rodríguez Ruibal

BIBLIOGRAFÍA

- Abuín Ces, Dorinda (1996): «E logo ti... ¿de quen vés sendo?», en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.): *Galicia dende Salamanca*. Salamanca: Xunta de Galicia / Universidad de Salamanca, pp. 51-58.
- Amigó i Anglès, Ramón (1999): *Introducció a la recerca en topontmia i antropontmia*. Barcelona: Publicacions de L'Abadia de Montserrat.
- Anido Silvosa, M^a Xesús / Maribel González Rey (1996): «Un tipo especial de unidade fraseolóxica: os alcumes», *Boletín de estudos del Seminario / Seminario «Fontán Sarmiento» de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia* 17, pp. 25-54.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Parroquial, Amil: *Libro I de Bautizados en la fra. Sn Mamed de Amil. Arzobispado de Santiago. 1679*.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Parroquial, Amil: *Libro III de Bautizados en la fra. de Sn. Mamed de Amil 1758-1796*.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Parroquial, Amil: *Libro IV de Bautizados 1855-1902*.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo Parroquial, Amil: *Libro II de Difuntos 1763-1871*.
- Casal Porto, José / Xosefa Casalderrey Fraga / Alfredo García Giménez / Mariano García González (coord.) / Miguel Oubel Arcos (2002): *Terras de Moraña (Moraniam): Unha realidade na historia, na lenda, na lembranza...* Moraña: Concello de Moraña.
- Díez Barrio, G. (1995): *Motes y apodos*. Valladolid: Castilla.
- Díez y Díez, Antonino (1992-1994): «Apodos, sobrenombres y motes en los ficheros del seminario "Fontán-Sarmiento"», en *Boletín de estudos del Seminario / Seminario «Fontán Sarmiento» de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia* 13, pp. 90-94; 14, pp. 104-110; 15, pp. 99-101.
- García, Benigno (1998): «Os alcumes», *Revista Cedofeita* 2 [en liña] <<http://www.geocities.com/acedofeita/alcum.html>>. [Consulta: 01/06/02].
- Llinares García, Mar (1992): «O sistema onomástico no val de san Mamede de Carnota. Contribución ó estudo da identidade na cultura popular galega», *BAU* 22, pp. 123-138.
- Moreu-Rey, Enric (1981): *Renoms, motius, malnoms i noms de casa*. Barcelona: Millà.
- Xunta de Galicia (2000): *Nomenclátor da provincia de Pontevedra*. Santiago.
- Rodríguez Fraiz, Antonio (1962), *El Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Amil*. Vigo: Faro de Vigo.
- Solla Varela, Carlos (1999): «Onomástica Pándega: colleita de alcumes e chamadeiros en terras de Cerdedo», *Freita* 14, pp. 62-66.

Os nomes de casa da Amil (Moraña)

Tato Plaza, Fernando R. (1992): «Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do galo*», en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro* Vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 361-374.

NOTAS

1. Este traballo tivo en conta nos seus comezos a recollida inédita de alcumes e nomes de casa feita no concello de Moraña por Fina Casalderrey e Mariano García. Hoxe está publicada en *Terras de Moraña (Casal Porto et alii, 2002: 113-127)*.
2. Desexo deixar constancia do meu agradecemento ás persoas que máis me axudaron na recolleita dos nomes de casa da Amil. Toda a miña gratitude á Sra. Esmeralda *do Estanco*, a Hortensia *do Seixo* e ao seu home, *Rozas*, e, sobre todo, a meus avós *do Peno*.
3. Os resultados do meu traballo foron contrastados cos que obtivo Fernando Vázquez López no seu estudo «Os nomes da casa do Buriz (Guitiriz)», publicado tamén nestas actas.